

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEDEIRA

Estabilización OEP extraordinaria 2022

Relación de aprobados e proposta de nomeamento de unha praza de auxiliar administrativo/a para a biblioteca municipal incluída no proceso extraordinario de estabilización do Concello de Cedeira.

ANUNCIO

Con data de 14 de maio de 2025 ditouse o Decreto de Alcaldía número 220/2025 cuxo contido é o seguinte:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA A COBERTURA DE UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL INCLUÍDA NO PROCESO EXTRAORDINARIO ESTABILIZACIÓN

Expediente 2023/E001/000008

Vistas as bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso - oposición correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022 e as bases específicas do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de Auxiliar administrativo/a biblioteca mediante sistema de concurso, persoal funcionario ao 100% da xornada, incluída na Oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Cedeira para a estabilización do emprego temporal, publicadas ambas no BOP núm. 247 do 30 de decembro de 2022.

Visto o decreto de 09 de agosto de 2024 polo que se nomea ao tribunal cualificador para o proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de Auxiliar administrativo/a biblioteca mediante sistema de concurso, persoal funcionario ao 100% da xornada, incluída na Oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Cedeira para a estabilización do emprego temporal (Decreto núm. 425/2024)

Vista a acta de 24 de abril de 2025 por la que se adopta o acordo de aprobación de valoración definitiva dos méritos dos candidatos/as admitidos/as e de proposta de nomeamento como persoal funcionario a favor da candidata:

DONA LUCÍA RICO GARCÍA

En uso das atribucións que me confire a normativa vixente e de cordo co previsto nas bases 18ª, 20ª e 21ª das Bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso - oposición correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobado a relación de aprobados deste proceso selectivo.

Apellidos e nome	NIF	CELGA	Experiencia	Formación	Total
RICO GARCÍA, Lucia	***0016**	Celga 4	90,00	10,00	100,00

Propor o nomeamento como persoal funcionario de carreira a:

DONA LUCÍA RICO GARCÍA

Segundo.- Dispoñer a publicación da presente resolución no BOP e na sede electrónica do Concello de Cedeira, taboleiro de anuncios, e a efectos informativos na páxina web municipal, dispoñendo o aspirante aprobado dun prazo de 20 días naturais, contados dende o seguinte á publicación no BOP da presente resolución para presentar no Rexistro xeral do Concello de Cedeira a documentación esixida na Base 18 e 20 das bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso - oposición correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022, a efectos da posterior firma da toma de posesión.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.”

En Cedeira, a 26 de maio de 2025
Asdo. O Alcalde
Pablo Diego Moreda Gil